



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A XUNTA DE GALICIA A
TRAVÉS DA AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A MANCOMUNIDADE DE
TERRAS DE PONTEVEDRA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE
PROMOCIÓN DO TURISMO NA COMARCA DE PONTEVEDRA.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Mancomunidad de Terras de Pontevedra o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte á súa sinatura, 11 de maio de 2016, ata o 15 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

É obxecto do presente convenio establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e a Mancomunidad Terras de Pontevedra, para a subvención de actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento do Turismo que inclúa a realización das seguintes actuacións:

1. Mellora no acceso dixital aos recursos turísticos dos concellos: “desenvolvemento app arte rupestre”
2. Potenciación dos produtos turísticos: “potenciación dos productos turísticos e novos segmentos de mercado”.
3. promoción do destino turístico: “comunicación para a promoción do territorio e os seus produtos turísticos”
4. Comercialización do destino turístico “terras de pontevedra”: “plataforma de promoción e comercialización turística”
5. Xestión e coordinación das accións do plan



Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

1.- A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias, con carácter exclusivo, tal e como se desprende do contido do seu Estatuto de autonomía, en materia de promoción e ordenación do turismo dentro da comunidade (artigo 27.21).

2.- A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponden o exercicio, entre outras, das competencias en materia de coordinación, impulso, xestión e execución das actividades de promoción do turismo.

3.- Así mesmo, os concellos, segundo se sinala no Artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, teñen competencias en materia de turismo, e de conformidade co previsto no artigo 135 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, os concellos galegos terán dereito a asociarse en mancomunidades para a execución ou prestación en común, de obras, servizos e actividades da súa competencia.

4.- A Mancomunidade Terras de Pontevedra e unha administración pública de carácter local composta polos Concellos de Pontevedra, Marín, Poio, Pontecaldelas, Vilaboa, Cotobade, Barro e Campo Lameiro, que ten como obxectivo consolidar a comarca como un destino turístico diferenciado e de calidade dentro do panorama nacional e internacional, e nos seus Estatutos establécense como fins da mesma entre outros: “Turismo: fomento y explotación del turismo”.



5.- As actividades relacionadas coa promoción, dinamización e fomento da riqueza e do turismo da Mancomunidade de Terras de Pontevedra contribúen á potenciación do Turismo na área do Xeodestino que integra esta Mancomunidade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

A xerente de Turismo de Galicia

Elena Barca Ramos